



## RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA A DECLARACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA DA “PRIMEIRA REVISIÓN DO PLAN FORESTAL DE GALICIA 2021-2040”

Promotor: Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, da Consellería do Medio Rural  
Expediente: 2016AAE1933

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

### ANTECEDENTES

1. O 09.06.2016 o Consello da Xunta de Galicia acordou iniciar o procedemento de elaboración da primeira revisión do Plan forestal de Galicia de conformidade co disposto no artigo 72.3 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes (DOG núm. 119, do 23.06.2016).
2. O 02.08.2016 recibíuse na anterior Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (órgano ambiental) un escrito da Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria da 1ª revisión do Plan forestal de Galicia. Achegaba un documento inicial estratéxico e un borrador do plan.
3. O 31.10.2016 este órgano ambiental formulou o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, que foi remitido ao promotor e posto a disposición do público no porta web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
4. Mediante Orde do 28.06.2018 a Consellería de Medio Rural aprobou inicialmente a “Primeira revisión do Plan forestal de Galicia” (DOG núm. 128, do 05.07.2018; BOE núm. 162, do 05.07.2018). A continuación iniciouse un trámite de información pública durante un prazo de tres meses e someteuse á consulta das administracións afectadas e das persoas interesadas.
5. O 03.10.2018 este órgano ambiental emitiu un informe sobre a sustentabilidade ambiental do plan aprobado inicialmente.
6. O 07.04.2021 recibíuse nesta dirección xeral un escrito da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal no que solicitaba continuar a tramitación do nomeado “1ª Revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040. Cara á neutralidade carbónica”, de acordo co previsto no artigo 16 da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas. Tras requirir ao promotor que completase o expediente de avaliación ambiental, o 19.04.2021 recibíuse a documentación completa para poder formular a declaración ambiental estratéxica.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece o réxime xurídico que regula a avaliación ambiental estratéxica de plans e programas. A declaración ambiental estratéxica ten a natureza de informe preceptivo e determinante, e conterá unha exposición dos feitos que resuma os principais fitos do procedemento incluíndo os resultados da información pública, das consultas, así como das determinacións ou condicións finais que deban incorporarse ao plan que finalmente se aprobe (artigo 25.2 da Lei 21/2013).
2. A Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, establece que o órgano ambiental formulará a dita declaración ambiental estratéxica no prazo de tres meses, contados desde a recepción da documentación completa (artigo 35.1.c).





A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

## CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

### 1. Resumo da proposta

A revisión do Plan forestal de Galicia aprobado no ano 1992 responde á necesidade de adecuar este instrumento ás novas circunstancias, necesidades, retos e oportunidades de futuro que se presentan para o monte e o sector forestal galego, así como ás demandas e tendencias emerxentes xurdidas a nivel internacional, nacional e autonómico. Neste tempo, desenvolveuse unha estratexia forestal no marco da Unión Europea, varios programas de desenvolvemento rural, aprobouse a lei básica de montes estatal, a estratexia e o plan forestal español, así como diferentes disposicións relativas ao cambio climático, biodiversidade, paisaxe, augas ou ordenación do territorio.

Esta revisión concíbese como un novo plan que constituirá o instrumento básico da política forestal galega para o período 2021-2040. Os obxectivos estratéxicos que se perseguen co plan son:

- Mellorar a contribución do monte galego á conservación da natureza, á biodiversidade e ao patrimonio natural galego dos recursos xenéticos forestais, así como a prestación doutros servizos ambientais relacionados co cambio climático, as enerxías renovables e ao proceso de descarbonización, incrementando a capacidade dos montes galegos para absorber gases de efecto invernadoiro.
- Procurar a adecuada saúde, vitalidade, protección, seguridade e defensa do monte ante riscos naturais e ambientais que lles ameazan, provocados por procesos erosivos e hidrolóxicos, incendios, enfermidades e pragas forestais.
- Favorecer a xestión activa do monte, a loita contra o abandono e o desenvolvemento socioeconómico sustentable do monte e da propiedade forestal galega favorecendo figuras de xestión conxunta dos recursos e servizos forestais.
- Proxectar un modelo de monte que garanta a súa sustentabilidade e potencie o desenvolvemento da cadea de valor da madeira incrementando a produción de produtos de calidade e asegurando o abastecemento da industria forestal de Galicia.
- Promover o adecuado desenvolvemento e mellora do coñecemento e da cultura forestal galega, favorecendo o acceso público á información forestal, a divulgación e comunicación da cultura forestal, á educación, formación e capacitación forestal, así como á investigación, innovación desenvolvemento tecnolóxico e emprendemento forestal.
- Deseñar un modelo de gobernanza do monte galego que dispoña os instrumentos necesarios para garantir o exercicio da ordenación e xestión forestal sustentable, dispoñendo o adecuado marco normativo e administrativo e a colaboración institucional e sectorial adecuadas para a súa conservación e desenvolvemento sustentable.

A partir dos citados obxectivos estratéxicos establécense 6 eixos de intervención sobre os que se desenvolven 20 instrumentos de execución, que aglutinan 51 iniciativas e programas de actuación. Entre outros aspectos, o plan establece o marco no que se elaborarán os plans de ordenación dos recursos forestais a nivel de distrito forestal (PORF) e as indicacións para a elaboración dos instrumentos de ordenación.





EIXOS ESTRATÉXICOS	INSTRUMENTOS DE EXECUCIÓN	INICIATIVAS E PROGRAMAS DE ACTUACIÓN
EIXO I. Contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos ambientais	I.1. Conservación da biodiversidade e a multifuncionalidade dos montes como ecosistemas forestais	I.1.1. Programa de fomento de xestión activa de masas de frondosas autóctonas
		I.1.2. Desenvolvemento regulamentario do rexistro administrativo de masas consolidadas de frondosas autóctonas
		I.1.3. Programa de actuación e iniciativas que contribúan a controlar a superficie dedicada a eucalipto
		I.1.4 Medidas de fomento e directrices para conservación e mellora da biodiversidade
		I.1.5 Medidas de fomento da multifuncionalidade e doutros valores do monte
		I.1.6 Ordenación do uso sociorrecreativo en montes periurbanos
	I. 2 Mitigación e adaptación ao cambio climático e desenvolvemento de enerxías renovables	I.2.1 Xestión forestal activa para o incremento da capacidade de fixación de carbono e a resiliencia das masas forestais a cambio climático
		I.2.2 Programa estratéxico de aproveitamento de biomasa forestal
	I.3 Conservación e mellora dos recursos xenéticos forestais	I.3.1 Programa de mellora xenética forestal
		I.3.2 Programa de rede de parcelas de alto valor xenético de materiais de base
		I.3.3 Programa de conservación de recursos xenéticos forestais
	EIXO II. Protección, sanidade forestal e prevención e defensa contra incendios forestais	II.1 Protección contra riscos erosivos e restauración
II.1.2 Programa de restauración de áreas queimadas		
II.2 Saúde e vitalidade forestal		II.2.1 Regulación de competencias en materia de sanidade forestal
		II.2.2 Rede Galega de seguimento de danos nos bosques
		II.2.3 Programa de saúde e vitalidade forestal
II.3 Prevención e defensa contra incendios forestais		II.3.1 Lei de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia
		II.3.2 Reestruturación dos distritos de defensa do monte adaptada ás necesidades específicas da prevención e extinción dos incendios forestais en Galicia
		II.3.3 Brigadas de investigación de causas de incendios forestais e rexistro de investigacións de incendios forestais
		II.3.4 Revisión e actualización dos plans de defensa e prevención dos incendios forestais dos distritos forestais
		II.3.5 Plans integrais de actuacións preventivas dos distritos forestais
		II.3.6 Plan Plurianual de dotación de medios e recursos da Dirección xeral de Defensa do Monte
		II.3.7 Potenciación da colaboración cos administracións locais a través dos fortalecemento do convenio para a xestión das faixas secundarias, e dos convenios para o funcionamento das brigadas municipais de prevención e extinción, dos vehículos de extinción municipais, e da prevención nas vías de titularidade municipal
		II.3.8 Plan de formación continua
EIXO III. Xestión forestal e loita contra o abandono do monte	III.1 Fomento de fórmulas de mobilización de terras e fomento de agrupacións forestais de xestión conxunta	III.1.1 Programa de mobilidade de terras forestais
		III.1.2 Programa de fomento de agrupacións forestais de xestión conxunta
	III.2 Iniciativas de activación da xestión forestal privada	III.2.1 Creación da figura e rexistro de silvicultor activo
		III.2.2 Programa de dinamización da xestión dos montes veciñais en man común





EIXOS ESTRATÉXICOS	INSTRUMENTOS DE EXECUCIÓN	INICIATIVAS E PROGRAMAS DE ACTUACIÓN
		III.2.3 Programa de dinamización da xestión en montes de varas
	III.3 Reorientación da xestión forestal pública	III.3.1 Programa de establecemento de novos contratos de xestión pública
EIXO IV. Recursos forestais e cadea monte-industria	IV.1 Fomento de recursos forestais non madeireiros	IV.1.1 Programa de aproveitamento de pastos e forraxes en monte e de establecemento de sistemas silvopastorais
		IV.1.2 Programa estratéxico do castiñeiro e da produción da castaña
	IV.2 Fomento de recursos forestais madeireiros e a súa mobilización	IV.2.1 Programa de fomento e valorización das masas de coníferas
		IV.2.2 Programa de incremento de produtividade e redución de combustibilidade de eucaliptais existentes
		IV.2.3 Programa de fomento da produción de madeira de frondosas de alto valor
	IV.2.4 Programa de mobilización de recursos madeireiros	
IV.3 Impulso da industria forestal de Galicia	IV.3.1 Axenda impulso da industria forestal	
EIXO V. Estatística, formación e investigación forestal	V.1 Inventario e estatística forestal	V.1.1 Inventario forestal continuo de Galicia
		V.1.2 Programa dixital galego de información e estatísticas forestais
	V.2 Programa de formación e divulgación forestal	V.2.1 Programa de divulgación e comunicación da cultura forestal
		V.2.2 Profesionalización de propietarios, xestores de montes e/ou traballadores das empresas de servizos forestais
V.3 Investigación, desenvolvemento e innovación forestal	V.3.1 Programa de fomento de investigación, desenvolvemento e innovación forestal	
V.4 Formación forestal universitaria	V.4.1 Cooperación e coordinación para mellora da formación forestal universitaria en Galicia	
EIXO VI. Planificación, ordenación e gobernanza	VI.1 Desenvolvemento territorial da planificación, avaliación e seguimento do plan forestal e os PORF	VI.1.1 Avaliación e seguimento do Plan forestal de Galicia
		VI.1.2 Desenvolvemento dos plans de ordenación dos recursos forestais (PORF): contido e alcance, vinculación e rango xerárquico.
	VI.2 Programa de dinamización da ordenación e xestión forestal e da certificación forestal	VI.2.1 Fomento de proxectos de ordenación de montes e instrumentos equivalentes de xestión forestal sustentable
		VI.2.2 Promoción da certificación forestal dos montes galegos
	VI.3 Gobernanza do monte galego	VI.3.1 Iniciativas de desenvolvemento lexislativo
		VI.3.2 Modificación do Consello Forestal de Galicia
VI.3.3 Comisión de harmonización normativa e para o estudo de implantación de compensacións e incentivos á actividade forestal		
VI.4 Medidas de fiscalidade forestal	VI.4.1 Proposta de incentivos, deducións e bonificacións fiscais para o desenvolvemento da actividade forestal en Galicia	

O plan establece un modelo de monte para Galicia conformado polo conxunto de indicadores concretos de superficie que describirían o monte que persegue o sector forestal para os vindeiros 20 anos. Este modelo de monte basearase nos resultados dun Inventario Forestal Continuo de Galicia (medida V.1.1.) e con el preténdese fundamentalmente:

- Acadar unha superficie de 850.000 ha baixo instrumentos de ordenación e xestión (medida VI.2.1), das cales 650.000 ha dispoñan dunha certificación forestal mediante sistemas recoñecidos internacionalmente (medida VI.2.2) e 360.000 ha de superficie rexistrada de silvicultores activos (medida III.2.1 *Creación da figura e rexistro de silvicultor activo*).





- Obter unhas 225.000 ha de superficie destinada ao aproveitamento de pastos, forraxes ou sistemas silvopastorais dentro das medidas de fomento de recursos forestais non madeireiros (medida IV.1.1 *Programa de aproveitamento de pastos e forraxes en monte e de establecemento de sistemas silvopastorais*).
- Incrementar a superficie de montes declarados como protectores (90.000 ha) e a superficie forestal xestionada con criterios de protección ata as 130.000 ha (medidas II.1.1 *Programa de montes protectores* e III.3.1).
- Crear unha rede de infraestruturas verdes en terreos forestais de 25.000 ha (medida I.1.6) e adoptar medidas de conservación de recursos xenéticos (medida I.3.3), desenvolver un programa de control de vexetación invasora que acade as 1.000 ha de superficie (medida I.1.4).
- Promover a mobilización de terras forestais mediante actuacións de xestión conxunta en 35.000 ha e acadar unha superficie de 150.000 ha baixo algún tipo de figura de xestión conxunta (medida III.1.2).
- Limitar ao 3% o incremento da superficie actual do eucalipto no primeiro quinquenio (2021-2025) e conseguir que para o ano 2040 a superficie con esta especie teña diminuído un 5%. Paralelamente propónse mellorar a produtividade das masas incrementando a taxa de aproveitamento, co obxectivo de acadar un 90% do crecemento corrente anual (medida IV.2.2) a través do programa de transformación de eucaliptais degradados (medida I.1.3).
- Aumentar a superficie de coníferas mediante repoboacións de alta calidade xenética ata acadar as 20.000 ha e aplicación de actuacións silvícolas nunhas 50.000 ha de superficie (medida IV.2.1) para incrementar ata o 75% o volume de cortas con destino a serra e usos estruturais (medida IV.2.4).
- Aumentar as masas de frondosas autóctonas ata obter unhas 425.000 ha de superficie, desenvolver un programa de silvicultura para estas masas (incluíndo os bosques de ribeira) que abrangan unhas 20.000 ha (medida I.1.1). Adopción de medidas específicas para o castiñeiro como a recuperación de soutos tradicionais (8.000 ha) e novas plantacións para obtención de castaña (8.000 ha) e madeira (8.000 ha) (medida IV.1.2)
- Incrementar a mobilización de recursos madeireiros para acadar unha taxa global de extracción de todas as especies do 70% da posibilidade cunhas cortas anuais de ata 12 millóns de metros cúbicos (medida IV.2.4).

Para o seguimento do plan propónse realizar unha avaliación quinquenal (5 anos) do grao de cumprimento dos obxectivos e das medidas, para así poder facer os axustes orzamentarios necesarios e posibles modificacións. Con carácter bianual realizarase unha avaliación interna para analizar o nivel de cumprimento da planificación, que se detallará nun informe que será presentado ao Consello Forestal de Galicia e á comisión parlamentaria. Ademais, as consellerías da Xunta de Galicia corresponsables na execución das distintas iniciativas, programas e liñas de acción deberán informar anualmente ao Consello Forestal sobre os resultados da execución do orzamento público.

## 2. Resultado das consultas e información pública

Durante o proceso de elaboración do plan constituíuse un grupo de traballo no Consello Forestal e unha Comisión especial non permanente no Parlamento de Galicia para o estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, nos que participaron diferentes administracións e axentes sociais, económicos e ambientais relacionados co sector forestal galego.





Tras a aprobación inicial do plan por parte da Consellería de Medio Rural o 28.06.2018, a documentación someteuse a información pública e consultouse ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, así como aos organismos indicados no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico.

CONSULTAS REALIZADAS	Resposta	Pronunciamento
<b>Administración estatal</b>		
Demarcación de Estradas do Estado en Galicia	-	-
Secretaría Xeral de Infraestruturas. Subdirección Xeral de Planificación Ferroviaria	19.09.2018	Favorable
ADIF	-	-
Dirección Xeral de Aviación Civil	25.10.2018	Favorable condicionado
Portos do Estado	19.09.2018	Favorable
Demarcación de Costas do Estado en Galicia	-	-
Confederación Hidrográfica do Miño-Sil	-	-
Confederación Hidrográfica do Douro	-	-
Confederación Hidrográfica do Cantábrico	10.09.2018	Favorable
Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal	-	-
Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural	-	-
<b>Administración autonómica</b>		
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	19.10.2018	Consideracións
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	09.10.2018	Consideracións
Dirección Xeral de Patrimonio Natural	-	-
Augas de Galicia	-	-
Instituto de Estudos do Territorio	-	-
Dirección Xeral de Mobilidade	-	-
Axencia Galega de Infraestruturas	13.09.2018	Favorable
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa	-	-
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	03.10.2018	Favorable
Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias	-	-
Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural	-	-
Dirección Xeral de Ordenación Forestal. Servizo Montes da Coruña	12.09.2018	Favorable
Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica	-	-
Portos do Estado	-	-
Secretaría Xeral de Emprego	-	-
Dirección Xeral de Enerxía e Minas	-	-
Axencia Galega de Industria Forestal	-	-
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior	-	-
Dirección Xeral de Administración Local	-	-
Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos	-	-
<b>Administracións provinciais e municipais</b>		
Deputación provincial da Coruña	-	-
Deputación provincial de Lugo	-	-
Deputación provincial de Ourense	-	--
Deputación provincial de Pontevedra	-	-
Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp)	03.10.2018	Consideracións







Hai que sinalar que varios dos organismos consultados que non emitiron informe sectorial si participaron nas mesas de debate celebradas no seo da Comisión especial forestal do Parlamento e no grupo de traballo do Consello Forestal.

O expediente de avaliación ambiental estratéxica achegado polo promotor inclúe un informe de participación e consultas no que se describe o proceso realizado e resúmense as principais alegacións recibidas, xustificando como se tiveron en consideración. Inclúe copia dos informes e escritos recibidos así como dos ditames do Parlamento.

Entre as cuestións ambientais formuladas polas administracións públicas consultadas, cómpre destacar as seguintes:

- A Dirección Xeral de Avaliación Ambiental e Cambio Climático requiriu a adopción de medidas específicas respecto da problemática das especies exóticas invasoras, a regulación das plantacións de eucaliptos, os cultivos enerxéticos e o desenvolvemento da normativa en materia de incendios. Indicou aspectos a ter en conta na elaboración das directrices e manuais de prácticas forestais así como nos futuros plans de ordenación dos recursos forestais (PORF) relacionados coa biodiversidade, a paisaxe e o balance de carbono almacenado polos ecosistemas. Suxeriu a incorporación de aspectos relacionados coa biodiversidade, paisaxe, etc., no programa de divulgación e comunicación da cultura forestal. Indicou que era necesario concretar indicadores de seguimento que permitiran coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos propostos e a evolución do monte.
- A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural incidiu na importancia de considerar o patrimonio cultural nos instrumentos de ordenación e xestión forestal sustentable, protexer as masas consolidadas de frondosas autóctonas e controlar as especies pirófitas na contorna do Camiño de Santiago; sinalou tamén que os plans de formación deberían promover boas prácticas forestais en relación co patrimonio cultural existente.
- FEGAMP: Considera insuficientes as medidas para dar resposta á problemática asociada á delimitación da propiedade que dificulta a xestión conxunta e a prevención de incendios. Manifiesta que hai falta de medios e recursos nos distritos para a xestión forestal. Cuestiona o incremento previsto do eucalipto e require a adopción de liñas de axudas públicas para fomento da plantación de caducifolias e do mercado asociado. Reitera as carencias do plan sinaladas pola Comisión especial do Parlamento (falta dun inventario forestal actualizado, plan estratéxico, análise DAFO, inseguridade xurídica, plan de márketing, indicadores clave, orzamento realista) e solicita a participación das entidades locais na tramitación do plan e a elaboración dun informe de seguimento con carácter bianual a remitir ao Parlamento.

Insta a que se cumpran os obxectivos do plan, que aínda que considera acertados pero precisan dunha perspectiva ampla e transversal dos factores e axentes involucrados na xestión forestal, dunha normativa reguladora acorde e de medidas socioeconómicas de promoción do sector. Resume en nove puntos os principais fitos a acadar: conservación e recuperación do patrimonio natural e dos bosques autóctonos, fomentar unha cultura forestal, silvicultura profesionalizada, transformar e mellorar as estruturas produtivas (tamaño de parcela, infraestruturas), incrementar a produción de madeira de calidade mediante a ampliación de superficies arboradas, considerando as producións agrogandeiras e melloras das masas a través da ordenación e silvicultura, promover industrias forestais competitivas que elaboren todos os produtos do monte, apoio aos diferentes axentes do sector, promover unha administración con servizos comarcalizados de xestión e modificar a normativa de incendios.





Asemade, no trámite de información pública formularon alegacións un gran número de colectivos representantes dos distintos ámbitos social, económico ou ambiental (grupos ecoloxistas, asociacións vinculadas ao sector forestal, comunidades de montes veciñais, empresas, colexios profesionais, universidades, grupos políticos, etc.) así como tamén particulares.

Boa parte das alegacións formuladas inciden na importancia de que o plan dea resposta ás problemáticas existentes relacionadas co abandono do rural, os incendios forestais, a expansión do eucalipto, as especies exóticas invasoras, etc., e insisten na relevancia da participación social neste proceso e do necesario compromiso de todas as administracións implicadas de cara a asegurar unha xestión forestal sustentable. Resúmense a continuación as principais cuestións ambientais formuladas por persoas interesadas e público en xeral:

- Necesidade de dispoñer dun inventario galego específico de cara a establecer o futuro modelo de monte, tendo en conta que os datos de partida empregados no plan correspondentes ao IV Inventario Forestal Nacional non reflicten a situación actual do monte, en particular a superficie ocupada polo eucalipto. Cuestiónanse as previsións recollidas no modelo de monte previsto no plan e requírese unha maior xustificación das superficies propostas.
- Incídese na problemática da expansión do eucalipto e na necesidade de establecer medidas máis concretas para o seu control, tendo en conta que se superaron amplamente as previsións do plan vixente, as repercusións ambientais derivadas do monocultivo ou a consideración do seu carácter exótico e invasor segundo diferentes publicacións científicas.
- Importancia da multifuncionalidade dos montes e da necesidade de promover unha aposta real no plan pola diversificación de produtos e servizos do monte mais alá da produción de madeira (servizos ecosistémicos, ecolóxicos, culturais, paisaxísticos ou sociais, etc.). Aposta polos usos gandeiros, sobre todo en extensivo e de pasto, e importancia de establecer medidas ligadas á reserva de superficie non arborada para conseguir a mobilización produtiva. Considerar modelos de silvicultura próximos á natureza e modelos de xestión que combinan o uso produtivo do monte coa súa mellora funcional.
- Destacan os valores dos ecosistemas asociados ao monte e a importancia da súa conservación. Requírense medidas máis ambiciosas e concretas para os bosques de ribeira, mais alá do desenvolvemento de modelos silvícolas específicos, e medidas de restauración hidrolóxico-forestal, en especial nas cuncas ou tramos degradados, así como considerar a posibilidade da súa protección segundo diferentes figuras (monte protector, de utilidade pública, reserva natural fluvial).
- É necesario prever mecanismos para frear o avance das especies exóticas invasoras, en especial das acacias e tamén doutras especies presentes no monte galego (robinias, ailantos, cortaderias, bambús, crocosmias, etc.).
- Importancia de contribuír ao mantemento da diversidade xenética das diferentes especies autóctonas segundo a súa procedencia, considerar a creación de bancos de xermoplasma e de sementes, e o seguimento da evolución da biodiversidade nos diferentes ecosistemas do monte galego.
- Necesidade de definir un marco de aproveitamento da biomasa que atenda a criterios de sustentabilidade, promovendo outros usos non enerxéticos, e rexeitar a proposta de promover os cultivos enerxéticos.
- Fomento da produción de madeira de calidade (en especial de frondosas caducifolias) e completar a cadea de transformación industrial asociada. Considerar a creación dun sistema de certificación público e galego.







- Necesidade de dispoñer dun sistema de información e estatística forestal á disposición do sector, que inclúa a información cartográfica existente, datos e indicadores que permitan o seguimento do plan, da evolución do monte, da propiedade e do sector, etc., en coordinación co plan galego de estatística de Galicia.
- Falta dunha planificación económica detallada dos investimentos por eixos e programas a corto e medio prazo para garantir o cumprimento do plan, e análise dos custos e beneficios sociais e ambientais, que reflecta os retornos que se pretenden obter.
- Necesidade de dar un paso máis na busca dunha fórmula de agrupación de xestión forestal e promover a súa adopción a través de incentivos positivos. Introducir cambios na fiscalidade que afecta á actividade forestal, xestión de subvencións para fomento da silvicultura activa, establecemento de liñas de axuda que fomenten a valoración integral do monte e aposta pola súa multifuncionalidade, apoio á custodia do territorio, á xestión agrupada de montes e comercialización conxunta de produtos forestais, valorar posibles axudas e contraprestacións polas funcións sociais, ambientais dos montes etc.
- Conveniente establecer os instrumentos para garantir un seguimento axeitado do plan, da consecución dos obxectivos e medidas propostas e os mecanismos necesarios para corrixir posibles desviacións.

Na tramitación parlamentaria do plan realizáronse 16 sesións nas que compareceron diferentes axentes dos eidos forestal, social e ambiental, e derivaron na aprobación o 10.08.2018 dun ditame con 123 recomendacións. Destas recomendacións, 92 foron incorporadas ao plan mentres que as restantes considerouse que eran competencia doutras consellerías ou formaban parte da Lei de recuperación de terras agrarias de Galicia que naquel momento se estaba a tramitar. A relevancia deste ditame levou a integrar nas fichas resumo das medidas propostas no plan un epígrafe específico no que se indican as recomendacións asociadas.

Como resultado de todo o proceso de información pública, consultas, trámite parlamentario e informes do Consello Forestal, leváronse a cabo cambios no contido do plan aprobado inicialmente que supuxeron reestruturar algúns eixos, incorporar novas medidas ou concretar algunhas das xa previstas, redefiníndose tamén algúns indicadores. Entre as principais modificacións destacamos as seguintes:

- Proponse o deseño e posta en marcha do Inventario forestal continuo de Galicia que permita dispoñer dunha ferramenta de seguimento anual de superficies e recursos forestais, en especial dos madeiros (medida V.1.1). O desenvolvemento dos PORF quedará supeditado á súa elaboración (medida VI.1.2).
- Concrétanse medidas (medida I.1.3) a adoptar para o control do eucalipto, como a suspensión temporal de novas plantacións, reforzar o control administrativo, realizar plantacións con outras especies nos eucaliptais degradados ou facilitar a súa corta nas áreas ripícolas. Incorpórase tamén un programa específico para incremento da produtividade e redución da combustibilidade dos eucaliptais existentes (medida IV.2.2).
- Dentro do programa de fomento de xestión de frondosas autóctonas (medida I.1.1) incorpórase a xestión dos bosques de ribeira e o desenvolvemento de modelos específicos. No programa de montes protectores alúdese á importancia do carácter regulador do ciclo hidrolóxico do monte e á necesidade de prestar especial atención a aqueles que alberguen ecosistemas húmidos como os recollidos no Inventario de humidais de Galicia (medida II.1.1). Proponse o desenvolvemento dunha rede de infraestruturas verdes na que se inclúen os montes periurbanos (medida I.1.6).
- Engádesse no plan un programa de control de especies invasoras (medida I.1.4), así como a elaboración dun estudo de tolerancia, resiliencia e riscos das principais especies galegas ao





cambio climático (medida I.2.1) e concrétese o alcance das medidas relacionadas coa conservación e mellora dos recursos xenéticos forestais (medidas I.3).

- Propónse un programa específico de fomento da produción de madeira de frondosas de alto valor para incentivar a súa plantación e os tratamentos silvícolas para obtención de madeira de calidade, considerando o uso da madeira estrutural na construción (IV.2.3). Prevese a elaboración de documentos de planificación estratéxica para os principais produtos non madeireiros xunto cun programa de conservación de elementos naturais e patrimoniais en montes (medida I.1.5).
- Respecto á xestión da biomasa, propónse a elaboración dun programa estratéxico e elimínanse da proposta os cultivos leñosos/lignocelulósicos para produción enerxética (medida I.2.2).
- En canto aos incendios forestais (medidas II.3), contéplase a consolidación dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias, a reformulación das funcións dos distritos forestais e a modificación da lexislación vixente.
- Reformúlanse as medidas ligadas á xestión do monte e á loita contra o seu abandono (eixo III), considerando a colaboración e apoio por parte da administración ao asociacionismo e de calquera figura que promova a xestión conxunta. Recóllense medidas específicas para os montes veciñais en man común (MVMC), como os contratos de xestión pública en montes con función protectora ou a actualización da normativa reguladora.
- Modifícase o eixo IV relativo aos recursos forestais e cadea monte-industria. Establécense dous instrumentos de execución, un deles dirixido ao fomento de recursos forestais non madeireiros (IV.1) que contempla a ampliación significativa da superficie pastoril, silvopastoril ou a creación e recuperación de soutos de castiñeiro para a produción de castaña, e outro para o fomento de recursos forestais madeireiros e a súa mobilización (IV.2), no que se atopa un programa dirixido á obtención de madeira de calidade na silvicultura de frondosas caducifolias.
- Modifícase o programa de información e estatísticas forestais, para incluír a creación dunha Oficina virtual forestal de Galicia que contará con información e documentación relacionada co monte, e integrará -entre outros- o Inventario forestal continuo de Galicia e o Sistema rexistral forestal de Galicia, con información sobre os montes, os recursos e servizos (medida V.1.2).
- Nos obxectivos do programa de divulgación e comunicación da cultura forestal (V.2.1) engádense a consideración dos servizos ecosistémicos dos bosques (protección do solo, mitigación cambio climático, biodiversidade, etc.) e na formación dos propietarios, xestores de montes e traballadores de empresas forestais (VI.2.2) incorpórase a consideración dos MVMC e o seu funcionamento.
- Prevese avaliar a execución do Plan forestal de Galicia (medida VI.1.1) mediante seguimento quinquenal e a remisión dun informe de evolución dos indicadores propostos ao Parlamento de Galicia con carácter bianual. Determínase que será o Consello Forestal de Galicia o encargado de vixiar o cumprimento do plan e que a administración forestal desenvolverá unha ferramenta pública que amose os resultados dos indicadores e o estado de execución.

### 3. Análise da integración ambiental da proposta final de plan

O plan forestal constitúe o instrumento básico da política forestal galega e, dada a gran superficie afectada (mais dunha terceira parte do territorio galego) e os múltiples servizos ambientais que proporcionan os recursos xestionados (protección do solo e do ciclo hidrolóxico, mitigación do cambio





climático, servizos ecosistémicos, paisaxe, etc.), resulta de especial importancia a adopción das medidas adecuadas para contribuír á sustentabilidade ambiental da planificación proposta.

O procedemento de avaliación ambiental estratéxica é un proceso iterativo co que se pretende garantir unha axeitada integración dos aspectos ambientais na elaboración de plans e programas. Ao longo da complexa e dilatada tramitación do plan fóronse incorporando no documento distintos criterios ambientais formulados no procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

Na proposta final de plan cos obxectivos formulados preténdese promover a sustentabilidade da xestión forestal e cos instrumentos de execución contribuír a acadalos. En xeral os efectos ambientais que derivarán do plan prevese que sexan positivos, xa que adoptan criterios ambientais axeitados (conservación da biodiversidade e multifuncionalidade, mitigación e adaptación ao cambio climático, protección contra riscos erosivos, saúde e vitalidade, etc.). Malia todo, a continuación analízanse algúns aspectos da proposta do plan que requiren un tratamento específico na procura dunha axeitada integración dos aspectos ambientais:

- Resulta de especial relevancia poñer en marcha o antes posible o Inventario forestal continuo de Galicia (medida V.1.1.), para coñecer a situación actual do monte galego pero tamén para axudar a detectar aquelas plantacións e cortas que non se adaptan ao disposto na lexislación vixente. Terase en conta que o incremento da superficie ocupada con eucalipto afectou nalgúns casos a terreos agrícolas, zonas con vexetación de ribeira ou bosques autóctonos, incumprindo algunhas das normas recollidas na Lei de montes de Galicia que regulan as plantacións forestais (artigo 67), tales como a prohibición das repoboacións forestais en solo rústico de protección agropecuaria, as reforestacións e novas plantacións intercaladas de eucaliptos en superficies poboadas por especies do anexo I ou dentro da banda de 15 m de distancia a canles fluviais de máis de 2 metros de ancho (anexo II da Lei).
- Tal e como se manifesta no propio plan, os datos do inventario forestal nacional indican que na primeira década deste século as plantacións de eucalipto aumentaron moito a súa extensión, superando amplamente as previsións do plan vixente. Non existe un inventario forestal máis recente e xa se puxo de manifesto no proceso de participación pública que esta tendencia acelerouse nos últimos anos. Sendo así, considérase que o obxectivo establecido para que ao final do cuarto quinquenio (2036-2040) a superficie total teña diminuído até un 5% da superficie actual (medida I.1.3) debe de ser un mínimo de partida que cómpre revisar dun xeito máis ambicioso co desenvolvemento do inventario forestal continuo e dos plans de ordenación dos recursos forestais (PORF); e para elo terase en conta:
  - A superficie total realmente ocupada polas plantacións e a demanda do recurso.
  - As características, os valores e as aptitudes para outros usos dos terreos ocupados por plantacións deste xénero.
  - As superficies de hábitats naturais, hábitats de especies protexidas e de espazos naturais protexidos alteradas e con posibilidades de recuperación. En especial as zonas húmidas tales como brañas, breixeiros e turbeiras, así como masas de bosque autóctonos transformados nos últimos anos.
  - As necesidades de establecer bosques e formacións cun papel máis protector do solo e do ciclo hídrico.
  - A adaptación ao cambio climático e a prevención do risco de incendio forestal, considerando a necesidade de crear discontinuidades con masas de frondosas autóctonas e zonas de uso silvopastoril.
  - O desenvolvemento da estratexia galega de infraestrutura verde.





- A ordenación e planificación conxunta dos usos agroforestais, tal e como se describe na determinación 3.3.2 das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), permitirá garantir a localización destes usos nas zonas máis aptas para eles, tendo en conta criterios de aptitude e garantindo simultaneamente unha paisaxe de calidade. Con esta finalidade, considérase que a elaboración e desenvolvemento dos PORF debe ser un obxectivo prioritario do plan, xa que constitúen o instrumento de planificación para aplicación -a nivel de distrito- dos obxectivos do plan forestal.

Indícase no plan (medida VI.1.2) que os PORF establecerán un modelo de referencia de silvicultura, ordenación, aproveitamento, uso e xestión dos montes, e procederán a clasificar o solo forestal (terreos coa condición legal de montes) e a delimitar os terreos declarados de “alta produtividade forestal”, ao abeiro do Catálogo de solos de alta produtividade e especial aptitude forestal.

Non obstante, cómpre que o plan forestal considere todos os contidos que o artigo 76 da Lei de montes atribúe aos PORF, en particular a zonificación por usos e vocación do territorio, establecendo para cada zona os obxectivos, compatibilidades e prioridades, considerando ademais da produción de madeira, os outros produtos do monte e os servizos ecosistémicos que pode subministrar, como o papel protector do solo e do ciclo hídrico, a paisaxe ou a biodiversidade. Asemade, os modelos silvícolas orientativos para a xestión e aproveitamento dos montes deben protexer eses valores e garantir que non se poña en perigo a persistencia dos ecosistemas.

- Diversas medidas do plan perseguen un incremento da produtividade da superficie forestal, en especial da superficie na que se circunscriban as masas de eucalipto (medida IV.2.2). Con tal finalidade prevese o uso de materiais mellorados e de modelos silvícolas intensivos baseados en cortas a feito, aos 13-20 anos no caso dos modelos EG1 e EN1, a fertilización química e a eliminación frecuente da vexetación acompañante por medios mecanizados ou químicos.

Este tipo de modelos de xestión intensiva do monte son potencialmente aplicables nunha importante superficie do monte arborado galego, e poden implicar cambios nas condicións edafolóxicas dos terreos ao tempo que os expoñen á acción erosiva e á perda da súa capacidade de almacenar CO<sub>2</sub>. Ademais, supoñen en moitos casos un empobrecemento da diversidade de fauna e flora debido á eliminación do sotobosque, que en moitas zonas de Galicia procede da rexeneración natural de frondosas caducifolias e permite conservar certa biodiversidade e á vez manter a posibilidade de que a sucesión natural poida actuar no futuro. A presenza deste sotobosque, se excluimos o mato heliófilo, non prexudica o crecemento das especies arbóreas produtivas dominantes, pola contra a maior diversidade de restos orgánicos favorece a presenza variada de nutrientes no solo e protéxeo mellor da erosión.

Neste sentido, o plan propón elaborar un “Programa de conservación da biodiversidade en montes produtivos” e elaborar un “Manual de boas prácticas forestais para a conservación da biodiversidade en montes produtivos”. Porén, as medidas previstas neste programa non semellan ser compatibles cos modelos silvícolas mencionados no plan cos que se pretende acadar unha alta produtividade nas masas existentes e non se establecen obxectivos concretos nin indicadores de seguimento da superficie a xestionar conforme a este programa de conservación da biodiversidade.





Sendo así, súxírese implantar o antes posible nos modelos silvícolas intensivos<sup>1</sup>, tanto en piñeirais como en eucaliptais, as ditas boas prácticas para a conservación da biodiversidade co obxecto de:

- Evitar prácticas silvícolas que podan expoñer o solo á erosión, en terreos con pendentes superiores ao 25%. Neste senso teñen unha grande importancia os labores de preparación dos terreos para as plantacións e as cortas a feito moi extensas sen deixar vexetación remanente.
  - Preservar a presenza de sotobosque procedente de rexeneración de especies autóctonas polo menos en parte da superficie das parcelas, e mesmo de especies acompañantes con porte arbóreo do anexo I, en especial nas faixas de protección.
  - Limitar o uso de herbicidas químicos.
- O programa de transformación de eucaliptais degradados (medida I.1.3) pretende priorizar a substitución de eucalipto só en base a criterios de baixa produtividade forestal e elevado grao de afectación por pragas. Sería conveniente aplicar tamén criterios ambientais, como por exemplo, priorizar a recuperación de terreos nos que as plantacións se teñan realizado sobre hábitats naturais de interese comunitario prioritarios, como os bosques aluviais, brezais húmidos e as turbeiras.
  - Conforme coas normas que establecen as *Directrices da paisaxe de Galicia* para a realidade forestal galega (DX.14), nas plantacións forestais promoverase a formación de masas mixtas ou, cando menos, a aparición e mantemento de especies acompañantes da principal, especialmente frondosas autóctonas, que proporcionen máis estabilidade ao ecosistema forestal. Do mesmo xeito, favorecerase a descontinuidade das masas monoespecíficas, aproveitando as valgadas e os terreos de maior calidade para o emprego de especies forestais máis exixentes (frondosas caducifolias) que favorecen a diversidade paisaxística e a descontinuidade das masas.
  - O plan prevé aplicar modelos de tratamentos silvícolas específicos para bosque de ribeira nunha superficie de 5.000 ha en cada quinquenio até acadar as 20.000 ha (medida I.1.1). Ademais, neste tipo de masas de frondosas prevé realizar plantacións de enriquecemento empregando pés de especies valiosas para a produción da madeira usando materiais mellorados (Medida IV.2.3.).

Cómpre sinalar que a lexislación de augas, paisaxe e patrimonio natural protexe os bosques de ribeira polo seu importante papel na protección do dominio público hidráulico, como corredores ecolóxicos, por representar hábitats de interese comunitario (3260, 3270, 91E0\*, 91F0, 92A0) e como elementos conformadores da paisaxe.

Neste sentido e conforme coa normativa do Plan hidrolóxico de Galicia-Costa<sup>2</sup>, a realización de plantacións en zonas de servidume debe ter como finalidade a restauración ambiental, non produtiva. Tanto o subsolado, sangrado, rozas mecánicas que poidan levar consigo unha afección apreciable sobre a estrutura vertical e horizontal, funcionamento e composición taxonómica dos

- 1 Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia (modificada pola Orde do 9 de febreiro de 2021) .
- 2 Artigo 43.i) Non se realizarán, con carácter xeral e sen prexuízo das situacións excepcionais, plantacións de cultivos arbóreos de especies non ripícolas na canle nin na súa zona de servidume. Autorizarase a realización de plantacións con finalidade de restauración ambiental en zonas de servidume. Para iso deberán utilizarse especies autóctonas da zona propias de ribeira, en marcos de plantación irregulares, respectando en todo caso a zona de servidume. Igualmente na zona de servidume non se permitirá, con carácter xeral e en condicións de bo estado fitosanitario dos exemplares a cortar, arrincar os tocos das árbores apeadas co fin de evitar a erosión das marxes. A vexetación resultante despois dunha curta debe quedar conectada funcionalmente coa canle, é dicir, debe manter as funcións de acompañamento como refuxio para a fauna e flora da zona, hábitat axeitado ás especies piscícolas, alimentación, refuxio, sombra, etc.. de especies asociadas ao ecosistema fluvial.







corredores fluviais e as plantacións poden afectar á morfoloxía propia de cada sistema fluvial, así como na súa naturalidade. Indicar ao respecto que as confederacións hidrográficas xa dispoñen de programas de mantemento e conservación de canles nas que debe darse prioridade ao mantemento do bo estado ecolóxico e á eliminación de especies exóticas invasoras.

Debe evitarse tamén a incidencia de tratamentos silvícolas e plantacións sobre zonas húmidas e hábitats de interese comunitario que poden estar asociados ás ribeiras, nacentes e zonas de asolagamento, en especial os de carácter prioritario como son os queirogais húmidos (4020\*), diversos tipos de turbeiras e medios higrófilos (7110\*, 7130\*, 7210\*, 7220\*, 91D0\*), as turbeiras de cobertoira (7130\*) xunto cos bosques aluviais (91E0\*).

- O Programa de montes protectores (medida II.1.1) ten por obxecto inventariar e rexistrar aqueles montes ou terreos forestais que teñan un especial carácter protector do solo e regulador do ciclo hidrolóxico. Considerase necesario tamén promover a designación de montes protectores con outras finalidades ambientais, consonte as distintas posibilidades que ofrece a aplicación dos artigos 21 e 27 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. Entre elas están as finalidades de contribuír á conservación da diversidade biolóxica ou as vinculadas á protección e mellora da calidade de vida da zona ou ao lecer e esparexemento dos cidadáns.
- O Programa de mobilización dos recursos madeireiros (IV.2.4.) contempla a creación dunha rede de infraestruturas forestais (cargadoiros e pistas forestais) acorde ás necesidades de mecanización do sector e á realidade territorial de Galicia, separando o acceso aos núcleos rurais dos accesos para a execución da actividade forestal. En particular, as pistas forestais en terreos de pendente habituais nos montes son unha importante causa de erosión que ateaiga con sedimentos ás distintas masas de auga, afectando nalgúns casos gravemente a súa calidade, a conservación de especies ou o marisqueo. Asemade, tal e como se sinalaba no borrador do plan, a densidade actual de pistas en todo o territorio xa é suficiente e incluso excesiva. Sendo así, o plan debería promover o mantemento, aproveitamento e redución do impacto de pistas existentes en lugar de crear novas.
- En relación co cambio climático, valórase positivamente a proposta de estudar a tolerancia, resiliencia e riscos das principais especies galegas ao proceso de cambio climático e de fomento dunha xestión forestal activa para mellorar e incrementar a capacidade de fixación de carbono das masas forestais mediante liñas de fomento de prácticas de silvicultura adaptativa (medida I.2.1).

Neste sentido, considérase que deberían tamén desenvolverse modelos silvícolas que teñan en conta as posibles perdas de carbono edáfico derivados das quendas de explotación curtas, dos labores de preparación dos terreos e das cortas a feito habituais nas plantacións intensivas. Cómpre ter en conta que os solos son os principais e máis estables sumidoiros de CO<sub>2</sub> nos montes e, polo tanto, debe fomentarse que os labores de preparación do terreo nas plantacións e no tratamento dos restos xerados nas cortas sexan o menos agresivos posibles para evitar as perdas de CO<sub>2</sub> fixadas ao solo.

- O Programa de establecemento dunha rede de infraestruturas verdes en terreos forestais que prevé o plan límitase a incluír os montes periurbanos (medida I.1.6). Terase en conta que os obxectivos da infraestrutura verde non se restrinxen aos de lecer e esparexemento dos cidadáns, senón que perseguen de xeito global garantir os servizos ecosistémicos e a conectividade ecolóxica, cuestións nas que o monte ten un papel fundamental. Neste sentido, a estratexia nacional de infraestrutura verde identifica no seu anexo III a tipoloxía de elementos potenciais a







considerar como integrantes da dita rede, entre as que se atopan por exemplo os corredores e as zonas de alta conectividade entre tipos de hábitat de interese comunitario, os montes de utilidade pública, os montes protectores, os montes veciñais en man común sometidos a plans de xestión, as zonas inundables, as áreas forestais de alto valor natural ou as incluídas en plans de razas autóctonas gandeiras.

O plan establece para estes montes periurbanos unha xestión activa para o mantemento de estruturas de baixa combustibilidade, como corresponde á súa localización preferente en áreas de interface urbano-forestal. Cómpre ademais que a xestión destes montes inclúa criterios de xestión do monte dirixidos a fomentar a súa multifuncionalidade ambiental, tales como o fomento da eliminación da vexetación exótica e a recuperación da vexetación autóctona ou a rexeneración de hábitats naturais, entre outras. Neste sentido a liña de actuación debería incluír un indicador da calidade dos montes periurbanos asociado aos servizos ecosistémicos que presta.

- No ámbito da investigación, os programas de mellora xenética forestal (I.3.1) e de fomento da investigación, desenvolvemento e innovación forestal (V.3.1.) deberían de posibilitar a obtención de materiais forestais de reprodución de alta calidade xenética para o seu emprego en repoboación forestal e a obtención de maiores rendementos con especies autóctonas, así como no desenvolvemento de novos usos destas especies que axuden a diversificar a masa forestal.
- En relación coa problemática asociada ás especies exóticas invasoras, o Programa de control da expansión de especies invasoras incluído dentro da medida I.1.4. (Medidas de fomento e directrices para conservación e mellora da biodiversidade) considérase positivo, pero tería que dar resposta ás ameazas e impactos que se están a producir tanto polas novas introducións como polas especies xa establecidas. Para elo, suxírese que o plan forestal incorpore ademais medidas de prevención de novas invasións (evitar movementos de terras, depósitos de restos vexetais de xardinería, etc.) e de detección e erradicación temperá. Neste sentido as medidas a introducir poderían ser similares ás que se integran na medida II.2.1 (Regulación de competencias en materia de sanidade forestal), que establece a coordinación administrativa entre servizos para facilitar os procesos de detección e seguimento específico de pragas e enfermidades forestais, xa que se trata dunha problemática de xestión similar.

Ademais de *Cortaderia selloana* e *Hakea sericea*, existen outras especies exóticas invasoras de recente expansión nos montes de Galicia que poden incrementar o risco de incendio, como *Acacia mearnsii*, *Acacia longifolia*, *Paraserianthes lophantha* ou *Helichrysum petiolare*. Neste sentido o Inventario forestal continuo pode ser unha oportunidade para detectar os focos existentes e planificar medidas de control e seguimento destas especies. Asemade, é importante a coordinación cos organismos de cunca e coa Dirección Xeral de Patrimonio Natural no que se refire ás medidas adecuadas de control/erradicación en espazos naturais protexidos e no dominio público hidráulico.

Posto que a erradicación destas especies exóticas invasoras é particularmente difícil a curto ou medio prazo (a causa dos rebotes, dispersión por propágulos, etc.), sería de utilidade integrar criterios para o seu control nos protocolos ou modelos silvícolas de xestión do monte.

- A medida II.3.4. do plan forestal contempla a revisión e actualización dos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais dos distritos forestais de Galicia. Estes plans están excluídos de avaliación ambiental estratéxica (artigo 8 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental) pero establecen a regulación de certos aproveitamentos e usos e contemplan a execución de infraestruturas preventivas tales como devasas, vías de acceso e puntos de auga que nalgúns casos poden ter efectos ambientais. Entre estes efectos están a posible afección a hábitats





naturais e ás redes de drenaxe, xeración de procesos erosivos, fragmentación do hábitat de anfibios e outras especies polos puntos de auga ao afectar a mananciais de cabeceira e estar dotados os depósitos de paredes verticais.

Sendo así, é conveniente que a medida II.3.4. recolla a necesidade de que os plans de prevención e defensa contra os incendios forestais dos distritos forestais incorporen cláusulas ou directrices que eviten ou corrixan os efectos ambientais mencionados.

- A consideración da paisaxe resulta fundamental en todas as medidas do plan, tendo en conta a elevada incidencia da planificación forestal na configuración paisaxística do territorio galego. Deberán terse en conta as *Directrices de paisaxe de Galicia* recentemente aprobadas<sup>3</sup>, en especial as referidas aos instrumentos de planificación e ordenación forestal (DX.14) que, entre outras cuestións, inciden na importancia de incrementar a superficie ocupada por frondosas caducifolias, adoptar as medidas necesarias para asegurar a integración paisaxística das novas repoboacións forestais, xustificar a integración e adecuación á paisaxe dos modelos silvícolas, e adoptar criterios paisaxísticos nas actuacións en áreas de especial interese paisaxístico.

#### 4. Seguimento ambiental do plan

De conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o órgano substantivo deberá realizar un seguimento dos efectos que a execución do plan pode ter no medio ambiente para identificar con prontitude os efectos adversos non previstos e permitir levar a cabo as medidas axeitadas para evitalos. Para elo o promotor elaborará un informe de seguimento sobre o cumprimento da declaración ambiental estratéxica que incluírá un listado de comprobación das medidas previstas no programa de vixilancia ambiental. O programa de vixilancia ambiental mais o listado de comprobación faranse públicos no portal de internet do órgano substantivo.

O documento final da 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia describe o sistema a implementar para a súa avaliación, seguimento e revisión. O plan será obxecto de revisións quinquenais (5 anos) para avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos programáticos e estratéxicos, así como das iniciativas, programas e liñas de acción; asemade estas revisións obxectivarán o grao de cumprimento esperado a través dos criterios e indicadores estratéxicos de avaliación e seguimento fixados igualmente en quinquenios. Os indicadores ambientais necesarios para o seguimento ambiental do plan están incorporados no devandito sistema de avaliación e revisión.

#### 5. Cuestións documentais

Actualizaranse no plan as referencias a estratexias, directrices e normativa que foron aprobadas durante a súa tramitación e que teñen relación cos obxectivos formulados. Entre outras: “Estratexia nacional de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas”, “Estratexia galega de economía circular 2019-2030”, “Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050”, “Directrices da paisaxe de Galicia” e Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

3 Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia.





## PROPOSTA

Tendo en conta todo o anterior, considérase ambientalmente viable a “1ª Revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040. Cara á neutralidade carbónica”. Porén, para favorecer a integración ambiental da proposta establécense as seguintes determinacións:

- O obxectivo establecido para que ao final do cuarto quinquenio do plan (2036-2040) a superficie total ocupada con masas de eucalipto diminúa até un 5% da superficie actual (medida I.1.3) debe ser un mínimo de partida que cómpre revisar dun xeito máis ambicioso co desenvolvemento do inventario forestal continuo e dos plans de ordenación dos recursos forestais (PORF).
- Adoptaranse as medidas necesarias para implantar o antes posible na xestión silvícola desenvolvida en montes produtivos boas prácticas para a conservación da biodiversidade e para preservar o papel sumidoiro de CO<sub>2</sub> do solo. Como indicador de seguimento poderase establecer a superficie xestionada conforme coas ditas boas prácticas.
- O Programa de transformación de eucaliptais degradados (medida I.1.3) pretende priorizar a substitución de eucalipto só en base a criterios de baixa produtividade forestal e elevado grao de afectación por pragas. Considérase necesario aplicar tamén criterios ambientais, como priorizar a recuperación de terreos nos que as plantacións se teñan realizado sobre hábitats naturais de interese comunitario prioritarios (bosques aluviais, brezais húmidos, turbeiras, entre outros).
- Na medida VI.1.2 (Desenvolvemento dos plans de ordenación dos recursos forestais) recollerase todo o contido que a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia atribúe aos PORF, en particular incorporárase a zonificación por usos e vocación do territorio, establecendo para cada zona os obxectivos, compatibilidades e prioridades, considerando ademais da produción de madeira os outros produtos do monte e os servizos ecosistémicos que pode subministrar, como o papel protector do solo e do ciclo hídrico, a paisaxe ou a biodiversidade.
- O Programa de montes protectores (medida II.1.1) ten por obxecto inventariar e rexistrar aqueles montes ou terreos forestais que teñan un especial carácter protector do solo e regulador do ciclo hidrolóxico. Considerase necesario tamén promover a designación de montes protectores con outras finalidades ambientais (como a conservación da diversidade biolóxica ou a protección e mellora da calidade de vida da zona ou o lecer e esparexemento dos cidadáns), consonte coas posibilidades que ofrece a aplicación dos artigos 21 e 27 da Lei de montes de Galicia.
- O Programa de mobilización dos recursos madeireiros (medida IV.2.4.) contempla a creación dunha rede de infraestruturas forestais (cargadoiros e pistas forestais). Posto que, tal e como se indicaba no borrador do plan, a densidade actual de pistas xa é suficiente ou incluso excesiva, o plan debería promover o mantemento, aproveitamento e redución do impacto das pistas existentes en lugar de crear novas.
- O Programa de establecemento dunha rede de infraestruturas verdes en terreos forestais (medida I.1.6) debería incluír un indicador da calidade dos montes periurbanos asociado aos servizos ecosistémicos que presta.
- Incluíranse no Programa de control da expansión de especies exóticas invasoras (medida I.1.4) medidas para previr novas invasións de especies exóticas e invasoras.
- O plan deberá adaptar as súas determinacións ás normas e recomendacións recollidas nas Directrices de paisaxe de Galicia (disposición transitoria única do Decreto 238/2020 do 29 de decembro), en concreto as relativas aos instrumentos de planificación e ordenación forestal (DX.14).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes  
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental  
de Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto  
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental





De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Considerar ambientalmente viable a “1ª Revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040. Cara á neutralidade carbónica”, non obstante, para favorecer a integración ambiental da proposta incorporaranse no plan as determinacións que se establecen na proposta transcrita.

Esta resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/>), e remitirase á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Segundo o disposto no artigo 26 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental, o promotor incorporará o contido da declaración ambiental estratéxica no plan e elaborará un documento no que indique as medidas adoptadas para o seguimento dos efectos da súa aplicación no medio ambiente así como un extracto que inclúa os seguintes aspectos:

- De que maneira se integraron no plan os aspectos ambientais.
- Como se tomou en consideración no plan o estudo ambiental estratéxico, os resultados da información pública e das consultas así como, cando proceda, as discrepancias que puidesen xurdir no proceso.
- As razóns da escolla da alternativa seleccionada, en relación coas alternativas consideradas.

Tras a aprobación definitiva do plan, o órgano substantivo fará público no diario oficial a resolución pola que se aproba o plan e unha referencia ao enderezo electrónico en que porá á disposición do público o contido íntegro do plan, o extracto e as medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan.

Conforme co previsto no artigo 35.1.d) da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, a declaración ambiental estratéxica perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan no prazo máximo de catro anos desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás que se acorde unha prórroga por dous anos adicionais.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan en vía xudicial fronte á disposición que aprobe o plan, ou ben dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte o acto da súa aprobación (art. 25.4 da Lei 21/2013 do 9 de decembro).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos

Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

